

REVISTA GALEGA DE BENEFICIO SOCIAL

COMENTARIOS

XURISPRUDENCIA DE SEGURIDADE SOCIAL DA UNIÓN EUROPEA

Neste primeiro trimestre do ano 2003 o Tribunal de Xustiza dictou dúas sentenzas relativas á interpretación dos Regulamentos comunitarios de Seguridade Social, a primeira referida á prestación en especie de asistencia sanitaria e a segunda ás pensións de xubilación.

A sentenza do 25 de febreiro do 2003 resolve o asunto **C-326/00, Ioannidis**. Refírese ao dereito do titular dunha pensión ou dunha renda de Seguridade Social recoñecida nun Estado membro que se encontre noutro distinto do Estado da súa residencia a obter prestacións en especie de asistencia sanitaria servidas pola institución do lugar de estancia ao abeiro da lexislación deste, pero con cargo á institución do lugar de residencia. É unha situación especificamente contemplada no art. 31 do Regulamento 1408/1971, do Consello, do 14 de xuño, pero que prantexaba a dúbida de se se rexía polos requirimentos previstos no art. 22.1 da mesma norma derivada, referido aos traballadores por conta propia ou allea. Segundo este, para que a institución do Estado de residencia asuma os custes da asistencia sanitaria, se require ou ben que o traballador requira de xeito inmediato e imprevisto prestacións durante a súa estadía no territorio doutro Estado membro ou ben que sexa autorizado pola institución competente do de residencia para desprazarse a outro ao obxecto de recibir asistencia axeitada ao seu estado de saúde.

A doutrina que establece a Corte comunitaria resulta a máis favorable ao dereito á prestación en especie destes colectivos de beneficiarios de prestacións de Seguridade Social, ao excluír totalmente a aplicabilidade dos requisitos do art. 22 para os mesmos. Segundo a tese do Tribunal, o art. 31 non precisa da aplicación subsidiaria do art. 22, de xeito que aos pensionistas e perceptores de rendas non se lles pode esixir, ou ben que a asistencia sanitaria se deba a razóns urxentes derivadas dunha enfermidade ou accidente repentinos ocorridos cando se encontra noutro Estado distinto do da súa residencia, ou ben que obteñan a autorización da institución competente deste para recibir noutro Estado a dita asistencia axeitada á súa alteración de saúde. Declara que o lexislador comunitario pretendeu, co diferente tratamento de traballadores e pensionistas ou perceptores de rendas, favorecer a mobilidade destes, á vista das súas características especí-

ficas, entre elas a de seren máis vulnerables e máis dependentes dos servizos de saúde e a de teren máis outa dispoñibilidade para desprazarse a outros Estados da Unión.

Xa que logo, as institucións dos Estados implicados na asistencia e na asunción dos seus costes deben colaborar entre eles para asegurar a aplicación correcta do art. 31, sen que caiba esixirlle ao interesado ningún tipo de autorización alén de amosar que ten dereito á prestación de asistencia sanitaria no seu Estado de residencia. E para iso, sen que se lle poda denegar a prestación en especie polo feito de non acreditar o dito dereito no momento de se lle dispensar a mesma. Ademáis, para o caso de que o interesado, polo deficiente funcionamento das institucións implicadas ou pola imperfeita coordinación entre elas, adiantara os custos, ten dereito a obter o reintegro de gastos na institución do Estado de residencia, cando menos se ista non tivera contribuído a aplicar correctamente a normativa comunitaria, sen perxuízo da responsabilidade última no custe da prestación.

Convén prestarlle atención a iste pronunciamento, que sen dúbida facilita o fenómeno xa calificado de “turismo sanitario” no ámbito da Unión Europea. Fenómeno que incluso se alenta desde este entendimento da normativa comunitaria para os colectivos rexidos polo art. 31 do R 1.408/1971. E sen que caiba obxectar argumentos excesivos en contra desta tese, máxime se ven acompañada dun perfeccionamento dos sistemas de compensación de gastos entre os Estados implicados.

* * *

Por outra banda, cómpre anotar a sentenza do 19 de xuño do 2003, relativa ao asunto **C-34/02, Pasquini**. Ao Sr. Pasquini, que traballou sucesivamente en Italia, Francia e Luxemburgo, se lle recoñecera unha prorrata italiana de pensión, complementada ata achegarse á pensión mínima no dito Estado. Porén, o complemento era provisorio, e se facía depender de que se recoñeceran pensións francesa ou luxemburguesa. Xa que logo, máis tarde se diminuíu a pensión italiana polo feito de se lle recoñecer a francesa. E anos máis tarde o mesmo sucedeu coa resolución da institución do Estado luxemburgués, coa peculiaridade de que a institución italiana se adiou na regularización das cantidades e requeriu do Sr. Pasquini que reintegrara cantidades indebidamente percebidas por un longo período de tempo.

Á vista destes feitos, a controversia refírese a se non infrinxe o ordenamento comunitario, por causarlle un perxuízo excesivo aos traballadores migrantes, a posíbel esixencia por unha institución nacional de regularizacións sen límites temporais e reintegro de percepcións indebidas correspondentes a dilatados períodos de tempo, por mor do ulterior recoñecemento de pensións ou prorratas correspondentes a outros Estados membros. Para dar resposta a este tema, a Corte parte de que o obxectivo do Regulamento 1408/1971 é o da mera coordinación de sistemas nacionais de Seguridade Social e de que lle compete en exclusiva ás lexislacións internas a normativa de prescripción e recuperación de cantidades aboadas indebidamente. Así mesmo, afirma a inaplicabilidade das disposicións transitorias do propio Regulamento, previstas para supostos de feito ben distintos do que se prantexa nesta cuestión prexudicial, e doutros preceptos previstos para reclamacións de dereitos por parte dos beneficiarios de prestacións de Seguridade Social ao abeiro da normativa derivada comunitaria.

Malia a remisión da cuestión controvertida á normativa interna, hai que ter en conta que o Dereito Comunitario esixe o cumprimento dos principios de equivalencia de tratamento verbo dos traballadores que non exerceron o dereito de libre circulación e de efectividade no exercicio dos dereitos conferidos polo ordenamento comunitario. Xa que logo, hai que ter en conta as regras que rexerían a situación controvertida para o caso de situacións puramente internas –vg., a aplicabilidade do principio de boa fe ou de preceptos procesuais ou administrativos que limiten as obrigas de devolución de percepcións indebidas, así como obrigas de control periódicas por parte da institución competente-. A maior abundamento, cómpre ter en conta a aplicabilidade do principio de confianza lexisí-tima que o interesado debe depositar nas institucións do Estado de residencia, na dimensión que ostentan istas de xestoras dos dereitos derivados da libre circulación.

A incidencia desta doutrina no noso Dereito interno fica alén de toda dúbida. As controversias relativas ao prazo de prescrición da reclamacións de cantidades indebidamente percibidas por parte dos beneficiarios do sistema, ata a definitiva implantación sen excepcións do prazo prescriptivo cuatrianual polo art. 24 da Lei 55/1999, do 29 de decembro, contan cunha doutrina xudicial xa moi decantada. Doutrina que, en aparencia, lles debe ser de aplicación á vista deste pronunciamento da Corte Comunitaria tamén aos traballadores migrantes polas incidencias derivadas do recoñecemento de prestacións por outros Estados membros. É máis, a xurisprudencia do TS segundo a que teñen dereito a complemento de mínimos os pensionistas de prorratas españolas en tanto en canto non resolva a institución competente doutro Estado, forxada fundamentalmente ao abeiro dos convenios bilaterais cos Estados iberoamericanos, da unha pauta da incidencia práctica que pode ter esta cuestión, sobre todo nos casos dos Estados membros con maquinaria administrativas menos áxiles.

* * *

En resumo, dous pronunciamentos que convén estudar dada a súa potencial incidencia práctica para os beneficiarios de prestacións de Seguridade Social ao abeiro dos Regulamentos Comunitarios.

JAIME CABEZA PEREIRO

Catedrático de Dereito do Traballo e da Seguridade Social.

Universidade de Vigo